Ellas escriben. Unidade 2: El Romanticismo.

Unha proposta didáctica para visibilizar ás literatas en lingua castelá

Soraya Cortiñas Ansoar

Ana Rodríguez Pérez

Materia: Lingua castelá e literatura

Ámbito lingüístico

Nivel: 4º ESO

Modalidade da licencia: 2

Índice de contidos

1. XUSTIFICACIÓN E PRESENTACIÓN DA ODE 2
2. NIVEL DA ODE 2
3. OBXECTIVOS DA ODE 3
4. CONTIDOS E ESTÁNDARES TRABALLADOS 3
5. DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE A TRABALLAR 6
6. METODOLOXÍA 7
7. ACTIVIDADES AVALIABLES 8
8. MEDIDAS CONCRETAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE 9
9. AVALIACIÓN DO ALUMNADO, DA PROPOSTA EDUCATIVA E DO SEU DESENVOLVEMENTO NA AULA 10
10. MANUAL DE USO PARA O PROFESORADO 11
11. MANUAL DE USO PARA O ALUMNADO: INSTRUCIÓNS DE XOGO 11
12. CITA DE AUTORÍA DO MATERIAL MULTIMEDIA 12

ANEXO I 20

ANEXO II 21

1. XUSTIFICACIÓN E PRESENTACIÓN DA ODE

En 3º e 4º ESO, o alumnado é guiado por primeira vez a través da produción literaria escrita en lingua castelá, mais esta achega non sempre é plena. Os libros de texto e a maioría do profesorado optan por ensinar un canon que esqueceu, omitiu e invisibilizou a participación das mulleres nesta produción. Así, no período do Romanticismo, momento temporal estudado na presente unidade, sabemos que a nova mentalidade levou á literatura a exaltar a liberdade individual e artística fronte as ríxidas regras da razón e do arte neoclásico. Como movemento revolucionario explorou as paixóns humanas, sen temer adentrarse nos amores mais tráxicos ou nos medos mais lendarios, seleccionou os personaxes mais marxinais como os piratas ou os donxoáns e abriu as portas para a experimentación artística sen límites. Entre os seus autores coñecemos a Espronceda, Duque de Rivas, Bécquer, Zorrilla ou Larra. Sen embargo, mais alá de Rosalía de Castro, en ningún libro de texto se recolle o nome dalgunha muller como Gertrudis Gómez de Avellaneda ou Carolina Coronado.

Con esta ODE, o que se pretende é ofrecer unha resposta á necesidade de encher este baleiro e presentar referentes femininos. Para conseguilo, proponse un *escape room*, unha actividade motivadora e dinámica, que empuxa ao alumnado a participar activamente na súa propia aprendizaxe. Durante a súa "misión", o/a alumno/a comezará con actividades de repaso que complementen os contidos dados previamente sobre o período do Romanticismo. Concretamente, traballarase o contexto histórico, social, cultural e literario da primeira metade do século XIX, posto que as súas características son fundamentais para comprender a produción literaria da época. Rematada esta primeira parte, o alumno deberá escudriñar sobre a identidade e, posteriormente a produción, da autora escollida: Gertrudis Gómez de Avellaneda ou Carolina Coronado.

2. NIVEL DA ODE

4 ESO

3. OBXECTIVOS DA ODE

Os obxectivos xerais son:

i. Introducir a perspectiva de xénero utilizando a literatura como material de traballo

ii. Situar cronolóxica e fisicamente nomes de escritoras destacadas en lingua castelá

iii. Coñecer e valorar nomes de literatas (Romanticismo)

iv. Aplicar as características literarias de cada período literario a textos representativos escritos por mulleres

v. Espertar o espírito investigador no alumnado

vi. Promover a creación baseada na investigación

vii. Mellorar a inferencia e comprensión de información tanto en soporte oral como escrito

viii. Presentar a literatura como algo atractivo ao alumnado

ix. Dar a coñecer a figura feminina na literatura en español á sociedade

4. CONTIDOS E ESTÁNDARES TRABALLADOS

Os estándares traballados no material, relacionados cos bloques de contidos da materia de Lingua castelá e Literatura de 4º curso son:

BLOQUE 1: COMUNICACIÓN ORAL: ESCOITAR E FALAR
LCLB1.2.1. Comprende o sentido global de textos orais de intención narrativa, descritiva, instrutiva, expositiva e argumentativa, identificando a estrutura e a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante.
▪ LCLB1.2.3. Retén información relevante e extrae informacións concretas

BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA: LER E ESRIBIR
▪ LCLB2.1.4. Constrúe o significado global dun texto ou de frases do texto demostrando unha comprensión plena e detallada deste.
▪ LCLB2.1.5. Fai conexións entre un texto e o seu contexto, integrándoo e avaliándoo criticamente, e realizando hipóteses sobre el.
LCLB2.2.4. Localiza informacións explícitas nun texto e relaciónaas entre si e co contexto, secuénciaas e deduce informacións ou valoracións implícitas.
▪ LCLB2.3.2. Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto.
LCLB2.4.1. Utiliza de forma autónoma diversas fontes de información, integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos.
▪ LCLB2.5.3. Escribe textos en diferentes soportes usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesionadas, e respectando as normas gramaticais e ortográficas.
LCLB2.6.4. Resume o contido de calquera tipo de texto, recollendo as ideas principais con coherencia e cohesión e expresándoas cun estilo propio, evitando reproducir literalmente as palabras do texto.
▪ LCLB2.7.3. Valora e incorpora progresivamente unha actitude creativa ante a lectura e a escritura.
▪ LCLB2.7.4. Coñece e utiliza ferramentas das tecnoloxías da información e da comunicación, participando, intercambiando opinións, comentando e valorando escritos alleos, ou escribindo e dando a coñecer os seus propios.

BLOQUE 3: COÑECEMENTO DA LINGUA
▪ LCLB3.1.1. Explica os valores expresivos que adquiren algúns adxectivos, determinantes e pronomes en relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen.
▪ LCLB3.2.1. Recoñece e explica os valores expresivos que adquiren as formas verbais en relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen.
▪ LCLB3.4.1. Explica todos os valores expresivos das palabras que gardan relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen.
▪ LCLB3.7.1. Revisa os seus discursos orais e escritos aplicando correctamente as normas ortográficas e gramaticais, recoñecendo o seu valor social para obter unha comunicación eficiente.
LCLB3.8.2. Coñece os elementos da situación comunicativa que determinan os usos lingüísticos (tema, propósito, destinatario, xénero textual, etc.).
LCLB3.11.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

BLOQUE 4: EDUCACIÓN LITERARIA
▪ LCLB4.1.3. Desenvolve progresivamente o seu propio criterio estético perseguindo como única finalidade o pracer pola lectura.
▪ LCLB4.2.1. Desenvolve progresivamente a capacidade de reflexión observando, analizando e explicando a relación existente entre manifestacións artísticas de todas as épocas (música, pintura, cine, etc.).

LCLB4.2.2. Recoñece e comenta o mantemento ou a evolución de personaxes-tipo, temas e formas ao longo dos diversos períodos histórico-literarios, ata a actualidade.
▪ LCLB4.4.1. Le e comprende unha selección de textos literarios representativos da literatura desde o século XVlll aos nosos días, identificando o tema, resumindo o seu contido e interpretando a linguaxe literaria
▪ LCLB4.4.2. Expresa a relación entre o contido da obra, a intención do/da autor/a e o contexto, e o mantemento de temas e formas, emitindo xuízos persoais razoados.
▪ LCLB4.6.1. Consulta e cita adecuadamente varias fontes de información para desenvolver por escrito, con rigor, claridade e coherencia, un tema relacionado co currículo de Literatura.
LCLB4.6.2. Achega nos seus traballos escritos ou orais conclusións e puntos de vista persoais e críticos sobre as obras literarias, expresándose con rigor, claridade e coherencia.
▪ LCLB4.6.3. Utiliza recursos variados das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización dos seus traballos educativos.

5. DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE A TRABALLAR

O material didáctico desta segunda unidade *(o Romanticismo)* e os contidos e estándares referenciados nela contribúen ao desenvolvemento das competencias clave tal e como se sinala a continuación:

a) *Competencia para a conciencia e expresión cultural.(CCEC)* Os discentes coñecerán e recoñecerán as relacións existentes entre as manifestacións artísticas e a muller que as crea a través de exercicios interactivos de análise de textos. Isto implica desenvolver conciencia da evolución do pensamento e das correntes estéticas e apreciar a creatividade implícita na expresión de ideas, experiencias ou sentimentos mediante a literatura

b) *Competencia social e cívica. (CSC)*. O alumnado coñecerá a evolución e organización das sociedades, así como os seus valores políticos, morais e culturais a través de actividades de reflexión sobre contidos relacionados coas mulleres obxecto de estudo. Do mesmo xeito, os discentes serán os encargados de crear o material para divulgar información sobrea a literata coa que se traballou nas actividades, a través da creación do seu perfil de Literagram.

c) *Competencia en comunicación lingüística.(CCL).* Esta é, quizais, a competencia máis traballada neste material. Así, a análise lingüística de textos e o traballo coa comprensión e produción dos mesmos será constante. De feito pretendemos que a lingua, como ferramenta de comprensión e representación da realidade, sirva como instrumento social ao alumnado para promover a igualdade, a eliminación de estereotipos e a resolución pacífica de conflitos. Metodoloxicamente, así, a/o profesora/or decidirá se as actividades se realizan individualmente ou en grupo.

d) *Competencia para o sentido da iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE)*. Nas tarefas presentadas en cada unha das UD fomentaremos o uso de fontes diferentes para a recollida de información, así como o emprego de mecanismos axeitados de selección e tratamento da información.

e) *Competencia dixital. (CD)*. O alumnado discriminará no uso de soportes informáticos a elección de fontes fiables de información, e aprenderá a manifestar as súas ideas ou pensamentos a través do soporte dixital.

f) *Competencia en aprender a aprender. (CAA).* Nesta unidade foméntase mediante diferentes actividades a implicación e a disposición do alumnado xerando un rol activo no que os propios discentes son responsables da súa propia formación e da dos seus compañeiros e compañeiras.

g) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT). Esta competencia traballarasecon actividades de razoamento lóxico (puzzles, busca de elementos.

6. METODOLOXÍA

A metodoloxía de aplicación desta unidade didáctica favorece o papel activo do alumnado dende un punto de vista construtivista e interdisciplinar no que a motivación é o punto de partida.

Para facilitar ao profesorado que utilice este material nas aulas o traballo e temporalización dos contidos, as unidades que presentamos poderanse traballar individualmente, obténdose unha avaliación en cada unha delas; ou globalmente, de maneira que ademais de obter unha cualificación do traballo do alumnado (individual ou en grupo) en cada unidade ou tema, poderase obter tamén unha cualificación global dos contidos adquiridos, da maneira que o profesorado considere máis oportuna.

Do mesmo xeito, será a/o discente que utilice este material a/o que decida se o traballo co mesmo se produce dentro ou fóra da aula, así como se se trata dun material de traballo para todo o alumnado ou para ampliar contidos e coñecemento de aqueles discentes que así o requiran.

Co obxectivo de facilitar o uso da ferramenta Genially, ofrécese ao inicio do material un manual de usuario para que o alumnado, se así o precisa, se familiarice coas iconas que guiarán a súa navegación.

7. ACTIVIDADES AVALIABLES

Nesta UD inclúense catro tipos de actividades (ver Manual do profesor para máis información):

- Actividades nas que o/a alumno/a traballa a competencia de **Aprender a Aprender**. A propia dinámica da unidade, ao constituírse como un Scape Room, promove que sexan os discentes os que avancen pouco a pouco na súa aprendizaxe ao ter que superar retos nos diferentes exercicios. Neste grupo atópanse as **actividades de autocorrección** que permiten ao alumno/a avanzar no Scape Room; a **actividade de situación xeográfica** do lugar de nacemento da escritora estudada na UD e as **actividades de razoamento lóxico** (puzzles ou buscas de obxectos que o estudantado debe solucionar para avanzar).

- **Actividades de aplicación do aprendido**: propóñense nesta unidade diferentes **comentarios de textos** para que os discentes poñan en práctica os coñecementos adquiridos ata o momento.

- **Actividades creativas de síntese**: Ao finalizar o Scape Room e descubrirse a identidade das mulleres, o alumnado terá que realizar un **perfil de Litegram** no que se recolla parte da información aprendida. Tanto profesorado como alumnado poderán ver a rúbrica de avaliación proposta.

- **Actividades de cooperació**n: Nesta UD o alumnado poderá escribir nun muro virual, coa cooperación entre iguais subxacente neste feito.

8. MEDIDAS CONCRETAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As medidas de atención á diversidade previstas neste material son:

a. Inclúense actividades ou información de profundización para o alumnado que o desexe (ver final da unidade presentada).

b. Os contidos da maioría de actividades non sempre incorporarán conceptos novos, senón un enfoque máis profundo dos coñecementos tratados (actividades de contextualización da autora). .

c. En todo momento se usan materiais audiovisuais e software como axuda nas explicacións cando se estime oportuno.

d. Todas a proposta está adapta ó alumnado con dislexia, polo que se emprega letra de gran tamaño onde se distinga ben cada carácter. Asemade, emprégase a negriña para destacar a información máis importante

e. Para o alumnado con TDA optouse por ofrecer pouco texto en cada secuencia e tarefas breves de curta duración. Asemade, a interactividade do exercicio enténdese como unha ferramenta motivadora e facilitadora para manter a atención. Ademais, optouse por actividades de curta duración para cada un dos bloques de contidos nos que se organizan as unidades: contexto histórico, características artísticas, biografía da autora e textos das autoras.

9. AVALIACIÓN DO ALUMNADO, DA PROPOSTA EDUCATIVA E DO SEU DESENVOLVEMENTO NA AULA

A avaliación da proposta educativa e do seu desenvolvemento na aula levarase a cabo a través dun cuestionario de Google docs creado *ad hoc* para coñecer nós como autoras cales son as debilidades e fortalezas da mesma. O enlace ao cuestionario poderá atoparse no Manual para o profesorado.

A avaliación do alumnado realizarase principalmente de forma integradora, tendo en conta a consecución dos obxectivos establecidos para o recurso e o desenvolvemento das competencias correspondentes. Por iso, en todo momento, a avaliación farase por competencias, tendo en conta os estándares de aprendizaxe que permiten acadar cada unha delas. Así, tal e como se presenta na seguinte táboa, os criterios e instrumentos propostos respecto a cada tipo de actividade son os seguintes:

AVALIACIÓN DO ALUMNADO			
ACTIVIDADE	CORRECCIÓN	CRITERIOS	INSTRUMENTOS
Actividades De autocorrección	Automática Autoavaliación Coavaliación	_____	_____
Actividade de situación xeográfica da autora no mapa cronolóxico e físico	Automática Autoavaliación Coavaliación	_____	_____

Participación no taboleiro colectivo en cada unidade didáctica	Por parte do profesorado (heteroavaliación)	Os contidos na rúbrica que se facilitará ao profesorado (ver na unidade presentada de mostra)	Rúbrica que se facilita a discentes e docentes (ANEXO I)
Creación do perfil de Litegram da autora	Por parte do profesorado (heteroavaliación)	Os contidos na rúbrica que se facilitará ao profesorado	Rúbrica que se facilita a discentes e docentes (ANEXO II)

10. MANUAL DE USO PARA O PROFESORADO

O profesorado poderá acceder a un Manual de Uso do Profesorado no que se explica paso a paso como é o recurso.

11. MANUAL DE USO PARA O ALUMNADO: INSTRUCIÓNS DE XOGO

O alumnado poderá atopar un manual de uso chamado Instrucións de xogo, ao que pode acceder ao abrirse o Genially clicando na icona correspondente:

Icona para que se abra o Manual de usuario do estudantado

12. CITA DE AUTORÍA DO MATERIAL MULTIMEDIA

a. Obras literarias

- CORONADO, Carolina (1873). *Jarilla*. Imprenta y Fundición de M. Tello
- CORONADO, Carolina (1946)- *Antología*. Montaner y Simon
- GÓMEZ DE AVELLANEDA, Gertrudis (1869). *Obras literarias se la señora doña Gertrudis Gómez de Avellaneda. Tomo I*. Imprenta y estereotipia de M. Rivadeneyra
- GÓMEZ DE AVELLANEDA, Gertrudis (1844). *Sab*. Cátedra

b. Botóns

Captura	Nome	Autoría	Repositorio/URL	Licenza
	Botón para comezar	Genially	https://images.genial.ly/genially/sets/66d47cf3-b342-43ec-8d8c-b9a80282ffa5.png	
	Botón para continuar	Genially	https://images.genial.ly/genially/svgs/86c28923-cc5e-47a9-828e-099df8df8a2a.png	
	Volver atrás	Genially	https://images.genial.ly/genially/svgs/fbfbdb78-dc11-421b-915a-2dea4dcd06a8.png	
	Rúbrica	Genially	https://images.genial.ly/genially/svgs/e09321d7-62a2-47b8-b3eb-38536544dce3.png	
	Enlace	Genially	https://images.genial.ly/genially/svgs/fae126c0-47ce-4c32-98ec-61713545087b.png	

	Botón de descarga	Genially	https://images.genial.ly/genially/svgs/d109e453-992a-4ae9-b34c-22cc290b95c7.png	
	Saber mais	Genially	https://images.genial.ly/genially/svgs/d06b333f-6d6c-45fb-9411-92f3bdc8f6ea.png	
	Abrir video	Genially	https://images.genial.ly/genially/svgs/975291e0-5abd-4e91-ae7d-5b02afaf8864.png	
	Escoger ubicación	Genially	https://images.genial.ly/genially/svgs/bb09873b-17c1-4e38-a3c5-7b1fde3ef105.png	

c. Imaxes

Captura	Título	Autoría	Repositorio/URL	Licenza
	Non ten	Desconocida	Pxhere	CC0
	Máquina de escribir	Tama66	Pixabay	CC0

		Genially	https://images.genial.ly/genially/layouts/preview/995c9399-896e-4aea-bc77-46f963ab6767.png	
	Mano brújula		Pxhere	CC0
		Genially	https://images.genial.ly/genially/layouts/preview/4d8f16e9-08fa-4671-8588-841e3a8a8353.png	
	Salón de clases	Wokandapix	Pixabay	CC0
	Old Havana	Deltoro	Pixabay	CC0
	Pizarra escuela marco verde	Fotorech	Pixabay	CC0
	Mujer poses elearning	NDE	Pixabay	CC0
	Explicando mujer pose	NDE	Pixabay	CC0

		Genially	https://images.genial.ly/genially/layouts/preview/fca6e62d-624c-4c3c-abb6-1f47e6353e65.png	
		Genially	https://images.genial.ly/genially/svgs/6221db7b-0b18-41c4-9e8c-f1fd26ddf376.png	
		Genially	https://images.genial.ly/genially/svgs/89d3ef2c-09ef-458a-af85-f358841d26fe.png	
		Genially	https://images.genial.ly/genially/svgs/126bf062-bb83-4591-aab3-93a4c9d786a5.png	
		cofeebeanworks	Pixabay	CC0
	Dame mit Spitzenhaube	Johann Nepomuk Ender	Picryl	CC0
		Genially	https://images.genial.ly/genially/svgs/16875fde-bce0-457a-b28c-a30ed9ab4ed4.png	

		Genially	https://images.genial.ly/genially/svgs/b509c060-21f9-4738-be0c-302d97160771.png	
		Genially	https://images.genial.ly/genially/svgs/63c14329-1fe6-409e-95da-7b57579af06f.png	
		Genially	https://images.genial.ly/genially/svgs/00d3758e-e475-4acc-a676-c2f011058630.png	
		Genially	https://images.genial.ly/genially/svgs/aa1a1758-7b77-4eb2-b33f-c7048890a479.png	
	Trinity College Library	Annie Spratt	Unsplash	CC0
	William Herschel		Pxhere	CC0
		Genially	https://images.genial.ly/genially/layouts/fecbff1b-95eb-4070-8140-f1c8c93cd8c4.gif	

	Terreiro do Paço Bajo Lisboa	Granito	Pixabay	CC0
	Mujer 2 sin cara	Ana Rodríguez y Soraya Cortiñas	Sin repositorio. Material propio	CC0
	Mujer 1 sin cara	Ana Rodríguez y Soraya Cortiñas	Sin repositorio. Material propio	CC0

d. Vídeos y audios

Título	Autoría	Repositorio/URL	Licenza
Romanticismo (I)	Adrián Perales	YouTube	
El Romanticismo literario	Edu365 Cataluña	YouTube	
Día de las escritoras. Gertrudis Gómez de Avellaneda (1814-1873)	Consejería de cultura Madrid	YouTube	
Las mentiras de Carolina Coronado. Historia de Extremadura	Canal Exremadura	YouTube	
Multitud Cheer	Videvo	https://www.videvo.net/es/efecto-de-sonido/multitud-cheer-se-aplica-pe944402/240755/	CC-BY
Efecto fallo del sistema 1	INTEF	Banco de imágenes y sonidos	CC-BY-NC-SA

Teclear en una máquina de escribir	INTEF	Banco de imágenes y sonidos	CC-BY-NC-SA
Clasifica las características	U64362045	Wordwall	

e. Enlaces a páxinas web

- Martínez,Vanessa. "La hija de las flores".Recuperado en: http://teatroclasico.mcu.es/2018/06/28/la-hija-de-las-flores-dramatizaciones/ Recuperado de: (2/05/2022)
- WIKIPEDIA. *Carolina Coronado.* Recuperado de: https://es.wikipedia.org/wiki/Carolina_Coronado (2/05/2022)
- WIKIPEDIA. *Gertrudis Gómez de Avellaneda.* Recuperado de: https://es.wikipedia.org/wiki/Gertrudis_G%C3%B3mez_de_Avellaneda (2/05/2022)
- WIKIPEDIA. *Romanticismo*. Recuperado de https://es.wikipedia.org/wiki/Romanticismo (26/04/2022)
- WIKIPEDIA. *Literatura española del Romanticismo*. Recuperado de https://es.wikipedia.org/wiki/Literatura_espa%C3%B1ola_del_Romanticismo (26/04/2022)

f. Iconas

Captura	Título	Autoría	Repositorio/URL	Licenza
		Genially	https://images.genial.ly/genially/svgs/e21ea9ef-ffe3-4255-9a36-2f5c97a9b30b.png	
		Genially	https://images.genial.ly/genially/svgs/157dc8cd-c20e-43a1-81eb-3ea4c2a749f9.png	
		Genially	https://images.genial.ly/genially/svgs/24212c87-8114-4879-9f70-a139e1380750.png	

		Genially	https://images.genial.ly/genially/svgs/acbe26fd-5572-4d45-9992-103156bbe090.png	
	Cañón arma guerra	GDJ	Pixabay	CC0
		Genially	https://images.genial.ly/genially/svgs/fa83a997-a52e-422a-ba56-64e51c9ed569.png	
		Genially	https://images.genial.ly/genially/svgs/d38e2464-1636-48e6-9582-e618a6970aae.png	
		Genially	https://images.genial.ly/genially/svgs/aea12b23-730d-4e4c-9ef5-5c728b0ee253.png	

ANEXO I

RÚBRICA EVALUACIÓN OPINIÓN				
ÍTEM	0 PUNTOS		1 PUNTO	
1. Extensión de la opinión	Escribe una opinión de menos de 6 líneas		Escribe una opinión de al menos 6 líneas	
2. Respuesta a las preguntas dadas	Responde a una pregunta de las dadas o a ninguna		Responde a ambas preguntas	
3. Argumentos dados	No da argumentos o estos no son argumentos de peso		Los argumentos dados justifican perfectamente la opinión	
4. Opinión extra	No se recoge una opinión extra		Se opina sobre otros aspectos que no tiene que ver con las preguntas dadas	

NOTA: Si no incluyes tu nombre y tu centro educativo tu opinión no podrá ser valorada

ANEXO II

RÚBRICA EVALUACIÓN PERFIL LITEGRAM	0 PUNTOS	1 PUNTO	2 PUNTOS	PUNTOS
● **Biografía**	No se incluye biografía	La biografía incluye datos no relevantes y no tiene una extensión adecuada (más o menos de 6 líneas)	Se incluyen datos relevantes y la extensión es adecuada (6 líneas)	
● **Hashtags de la autora**	No se incluyen	Los hashtags de la autora no tienen nada que ver con su vida y personalidad	Los hashtags representan aspectos importantes de su vida y personalidad	
● **Publicaciones**	No se incluyen	Se recogen menos de dos publicaciones o alguna de ellas no está explicada	Se recogen al menos tres publicaciones y todas están explicadas	
● **Obras literarias**	No se incluyen	Se recoge al menos el título de una obra literaria, bien en hashtags o en publicaciones	Se recogen dos títulos de obras literarias, bien en hashtags o en publicaciones	
● **Ortografía y presentación**	El trabajo está mal presentado o contiene más de 6 faltas de ortografía	El trabajo está mal presentado o contiene entre 3 a 6 faltas de ortografía	El trabajo está bien presentado y no contiene más de 3 faltas de ortografía	
Total puntuación				